

Entrevista | Antonio Reigosa

ESCRITOR, AUTOR DE «A ESCOLA DE BRIADOR»

«Todos bebemos da tradición»

Benigno Lázare

LUGO

■ Cunha orixinal montaxe, na tardiña de onte foi presentado no Museo o libro de Antonio Reigosa *A escola de Briador*, editado na colección infantil *Montaña encantada*, de Everest. No acto interviñeron a xerente, Encarna Lago; a editora Irene Penas; a ilustradora Noemí López; Cristina Lombao, como lectora; Darío Xoán Cabana, como loador, e Antón Castro na súa condición de romanceador. Reigosa, que traballa no Museo, non descarta que ese lugar teña influencia na súa literatura.

—¿Que é «A escola de Briador», unha ficción ou unha realidade presentada como ficción?

—É un libro de ficción, pero protagonizado por trasnos, porque se trata de recuperar a literatura que había ao redor dun ser tan simpático coma o trasno. A ficción o que fai é situar os trasnos nun momento no que non gozan de gran prestixio, porque case ninguén cre neles, e a tecnoloxía actual tampouco lles



CHARLIE

Reigosa presentou no Museo o seu libro de literatura infantil

axuda. O que se fai é buscar unha desculpa como é abrir unha escola para recuperar as mañas que tiñan os trasnos, e ponse á fronte Briador, que é o trasno maior da parroquia.

—¿Por que Briador?

—O nome non forma parte da tradición galega pero, por un lado, paréceme moi sonoro, e por outro, é un dos nomes que se lle daba ao cabalo de Roldán. Tendo en conta a tradición, que lle daba a ese cabalo a capacidade para saltar grandes buratos ou de

lado a lado dun río, incluso se fala de que deixou as súas pegadas nalgún sitio, este trasno non se vai quedar sen nome potente e reivindica que ter capacidades tan grandes como tiña ese cabalo.

—Di que os trasnos autóctonos están de capa caída, sen embargo, na literatura xuvenil os máximos éxitos mundiais teñen o fantástico como trasunto.

—É certo iso, porque seres míticos protagonizando aventuras para rapaces hai

moitísimos, especialmente o *duende* na literatura española, pero tamén é certo que a historia oral, que forma parte da tradición, é a que está de capa caída. Agora o que quedan son pequenos retallos das trasnadas, non hai historias completas que nos falen de trasnos en Galicia.

—Polo que se ve, a necesidade desa literatura mantense e séguese consumindo. ¿É unha cuestión mediática e imponse o que se fai en Inglaterra ou nos Estados Unidos?

—Todos bebemos da tradición; uns máis e outros menos, pero quen diga que non ten como fonte creativa a tradición, minte. Pero, dende o meu punto de vista, os personaxes ou os seres míticos que se empregan na creación de obras para rapaces, non están definidos; valen para a nosa tradición e para calquera. Eu o que pretendín neste libro foi reflectir características dos relatos que veñen da tradición oral galega e que se dicía, e aínda se di aquí, que forman parte da historia da xente.

A experiencia lectora é a que dá a clasificación

■ Aínda que está publicado nunha colección infantil, o libro de Antonio Reigosa tamén pode ser lido por persoas de máis idade. «Eu sempre dixen que un lector non se clasifica polos anos que ten, senón pola experiencia lectora que ten, e moitas veces hai xente de 40, 50 ou 60 anos que non ten a experiencia lectora dun rapaz de oito anos», afirma. Di que a fantasía está merecendo a atención, como noutra época o conflito social ou o realismo.

—¿Cunqueiro foi o pai da literatura de trasnos?

—O pai é a nosa tradición, que ten séculos de historia. Cunqueiro bebeu desa tradición e é un dos máis destacados, porque lle puxo a aportación propia e tradición doutras partes do mundo, pero case todos a practicaron. Dentro da xente máis recente, Casares, Marilar Alexandre, Xavier Docampo e moitos outros empregan este personaxe nos seus libros.